

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 20 de febreiro de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 23 de febreiro de 2018.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta anterior correspondente á ordinaria do día 26 de xaneiro de 2018.
- 2.- Declaración institucional de apoio á folga de mulleres prevista para o día 8 de marzo de 2018.
- 3.- Declaración institucional de declaración do día de Rosalía.
- 4.- Modificación de créditos e das bases de execución do orzamento do INORDE n.º 1/2018.
- 5.- Programa BenOurense de cooperación económica coas entidades locais da provincia para o servizo de axuda no fogar básico no exercicio 2018.
- 6.- Moción do BNG relativa ás necesidades e melloras do transporte ferroviario entre Ourense e Santiago.
- 7.- Moción do Grupo Popular en apoio e defensa da prisión permanente revisable.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre a posta en servizo do aparcadoiro do Hospital Universitario de Ourense.
- 9.- Moción do Grupo Socialista para facer un diagnóstico provincial das persoas que viven soas nos concellos de Ourense.
- 10.- Moción de Democracia Ourensana relativa á recuperación das marxes do río Loña e do río Miño no entorno de Ourense como paseo fluvial.
- 11.- Mocions de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 12.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de xaneiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de maio, 3º de setembro, 3º de outubro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2017.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de xuño, 5º de xullo, 4º de agosto, 4º de setembro, 3º de outubro, 2º de novembro e 1º de decembro de 2017.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2018.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2018.
- 13.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,